



**DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN MEDIANTE
PROCEDIMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SERVIZOS
“PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DAS PONTES 2023/2024”**

ANTECEDENTES DE FEITO

- En data 06/03/2024, emítase o informe de necesidade do servizo e de insuficiencia de medios.
- O PPT asinouse en data 06/03/2024.
- O estudo de custes, que elaborou o economista Manuel Escourido Calvo, presentouse no concello en data 02/04/2024 (RE núm. 202499900001368).
- O PCAP ten data abril de 2024; asínase o día 30/04/2024. O prego foi rectificado por conter un erro e foi asinado de novo en data 11/06/2024.
- En data 30/04/2024 a secretaria municipal emite informe xurídico favorable ao prego de cláusulas administrativas e á aprobación do expediente.
- O informe de fiscalización da intervención municipal núm. 206/2024 é de data 11/06/2024; no informe confírmase a existencia de crédito e fiscalízase de conformidade o expediente.

FUNDAMENTOS

Os artigos 28, 117.1, 135, e 159.6 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentarios e o Decreto nº 1529/2023, de 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º d), que designa a María Tania Pardo Cabarcos, como concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do contrato de servizos “Programa integrado de emprego do Concello das Pontes 2023/2024”. O expediente tramitarase mediante procedemento aberto súper simplificado.
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación.
- 3º) Autorizar crédito por importe de 32 628,00€ con cargo á partida orzamentaria 241.22799 e ó proxecto 2024.3.20000.02.

As Pontes de García Rodríguez, xuño de 2024

A concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación

María Tania Pardo Cabarcos